

O Centro Dramático Galego prepara a estrea absoluta de 'Run Baby Run' o 6 de outubro

A obra, con texto de Fátima Delgado e dirección de Jana Pacheco, estará no Salón Teatro de Santiago de Compostela os días 6, 7 e 8 de outubro

O elenco desta peza que reflexiona sobre a discriminación de xénero dentro do deporte está composto por Alba Loureiro, Camila Bossa, Celina Fernández Ponte e Daniel Méndez

Trátase dun espectáculo coproducido polo Teatro Español, o Centro Dramático Galego, Meninas Teatro e Proversus, co apoio da Xunta de Galicia a través de Turismo de Galicia



Santiago, 14 de setembro de 2023.- O equipo de *Run Baby Run* xa está a ensaiar nas Naves do Español en Matadero Madrid, ultimando os detalles desta obra sobre a discriminación de xénero dentro do deporte que terá a súa **estrea absoluta** o vindeiro **6 de outubro no Salón Teatro do Centro Dramático Galego (CDG) de Santiago de Compostela**. Fátima Delgado asina o texto desta peza dirixida por Jana Pacheco que contará tamén cunha xira por diferentes espazos da xeografía española e que se poderá ver na sala Margarita Xirgú do [Teatro Español](#) do 22 de febreiro ao 24 de marzo de 2024. O elenco confórmano Alba Loureiro, Camila Bossa, Celina Fernández Ponte e Daniel Méndez.

A trama de *Run Baby Run* sitúase uns meses antes dos Xogos Olímpicos, cando Alba, unha atleta de éxito que acaba de gañar un Mundial, é apartada da competición oficial por un feito inesperado e experimenta como se derruba o seu mundo. Acompañada pola súa inseparable adestradora, a deportista verase nunha encrucillada na que loitará por cumprir o seu soño sen renunciar ao seu verdadeiro ser. Para a dramaturga Fátima Delgado,

“*Run Baby Run* é unha historia de ficción que trata sobre unha atleta profesional que, no mellor momento da súa carreira, é apartada da competición e agraviada publicamente por unha cuestión de xénero”.

Para a creación da obra, Fátima Delgado investigou sobre varios casos de mulleres deportistas que sufriron discriminación de xénero no ámbito deportivo, unha situación de plena actualidade, xa que, a menos dun ano dos Xogos Olímpicos de París, a algunha delas non se lle permite participar dentro da súa especialidade na categoría feminina. O texto de *Run Baby Run*, que xa está [publicado na colección Teatro de Editorial Galaxia](#) e vai ser [presentado o vindeiro 3 de outubro en Santiago](#), pon o foco no deporte feminino, un tema que se prodiga pouco no teatro, e faino ademais desde unha perspectiva de xénero. Segundo a propia Fátima Delgado, “un dos motores que me impulsan a escribir é poder plasmar historias de mulleres que, desde as súas accións, ás veces aparentemente sinxelas, contribuíron a romper estereotipos na nosa sociedade”.

Nesa liña afonda a directora Jana Pacheco que ve no feminismo “unha clave fundamental de transformación social” e afirma que “*Run Baby Run* é unha obra que aposta por visibilizar a situación da muller no deporte e reflexiona sobre como as mulleres que non teñen un corpo normativo son dobremente discriminadas”. Alén diso, tamén salienta que é “un espectáculo contextualizado no Entroido, o cal fai que podamos investigar toda esa maxia telúrica, a fantasía que vén do entroido, da carnalidade e dun mundo onírico que nos permite levar o realismo máxico a escena, desenvolvendo unha dramaturxia visual a partir de elementos plásticos deseñados cun equipo artístico excepcional”.

O factor humano

Jana Pacheco é directora escénica, dramaturga visual e historiadora da arte. Fátima Delgado é dramaturga, actriz e poeta. Ambas as dúas son profesionais acreditadas das artes escénicas, con máis dunha década de traxectoria ás súas costas, especializadas en xenealoxía de mulleres, accesibilidade e educación e cun forte compromiso feminista. A posta en escena de *Run Baby Run* supón a súa primeira colaboración conxunta.

Canda elas, no equipo artístico do proxecto destacan tamén figuras como o deseñador Pier Paolo Álvaro, gañador do Premio Max 2023 a mellor deseño de vestiario polo espectáculo *Ás oito da tarde, cando morren as nais*, do CDG; Fernando Epelde, responsable da música e o espazo sonoro da peza; o escenógrafo Alessio Meloni, tamén galardoado este 2023 co Premio Max a mellor deseño de espazo escénico por *La cabeza del dragón*; o iluminador Juan Gómez Cornejo, Premio Nacional de Teatro en 2011; ou a coreógrafa Greta García, integrante do grupo Irmás Gestring, entre outras. *Run Baby Run* é un espectáculo coproducido polo Teatro Español, o Centro Dramático Galego, Meninas Teatro e Proversus, co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e da Consejería de Cultura da Comunidad de Madrid.

PRESENTACIÓN DO LIBRO ‘RUN BABY RUN’

- DATA: Martes 3 de outubro | 20 h
- LUGAR: Casa do Taberneiro [Rúa de San Pedro 15, Santiago de Compostela]
- PARTICIPAN: Fátima Delgado, autora da obra, Marcos Calveiro, director de Edicións de Editorial Galaxia, e Paula Fernández Seoane, filóloga e profesora

CONTACTO DE PRENSA | *The Office Comunicación*
Bea Pérez (604 070 409 - bea@theofficeco.es)
Luisa Castiñeira (620 113 155 - luisa@theofficeco.es)

PRESS KIT DE ‘RUN BABY RUN’ | <https://cutt.ly/RunBabyRun>
Cartel, notas de prensa, dossier, fotos, vídeos, audios e outros materiais informativos

MÁIS INFORMACIÓN | <http://www.proversus.com/espectaculo-run-baby-run>